CONCELLO
DE NARÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E APERTURA DO SOBRE 2 (PROPOSICIÓN TÉCNICA), NA LICITACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO DE LIMPEZA XERAL, MANTEMENTO E SERVIZO DE CONTROL DE ACCESOS DO ESTADIO MUNICIPAL E CAMPO ANEXO DE RÍO SECO.

Presidente: D. José Manuel Blanco Suárez, alcalde-presidente

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, secretario xeral

D. Manuel G. Antón Villamil, interventor accidental

Secretario:

D. Ignacio Mazaira Garro (xefe da Sección de Contratación)

Na Sala de Reunións da Casa do Concello, coa asistencia das persoas anteditas, en cumprimento do previsto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares que regula a contratación do devandito servizo, co gallo de tratar os dous puntos da orde do día:

- Dar conta da documentación administrativa
- Apertura do sobre 2: Proposición técnica

Sendo as doce horas e trinta minutos do día 26 de agosto de dous mil catorce, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan, e antes de proceder á apertura dos sobres da documentación técnica, o secretario da mesa procede á realización das formalidades contidas no artigo 83 do Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, dándose a coñecer que todas as empresas licitadoras presentadas presentaron adecuadamente a declaración responsable conforme teñen plena capacidade e solvencia para contratar coa administración.

Para os efectos do disposto no artigo 27 do Real decreto lei 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, procédese pola presidencia á apertura dos sobres 2 da proposición

técnica presentadas polas empresas: Limpiezas Manser SL, Zonas Verdes Aníbal Soto SL e Clece SA.

Estas propostas remitiranse aos servizos técnicos municipais para o seu informe, e unha vez redactado, esta Mesa vovlerá a reunirse para proceder á avaliación dos criterios técnicos, en cumprimento do artigo 25 do devandito Real decreto lei 817/2009.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión pola presidencia, ás doce horas e corenta e dous minutos da data indicada no encabezamento, e esténdese a presente acta que, tras a súa lectura, asinan o presidente e o secretario da Mesa, do que, como secretario, dou fe.